

CONCELLO DE VIGO



Concello de Vigo

Seguridade e Mobilidade

EXPEDIENTE : 141470-210

PLAN DE MOBILIDADE “ACENDIDO DA ILUMINACIÓN DE NADAL” Sábado 16 de novembro de 2024

Con motivo da celebración do acto do acendido da iluminación de Nadal, o sábado 16 de novembro, e ante a previsión dunha gran afluencia de público, o Concello dispón dun Plan de Autoprotección que garante a seguridade do evento.

O acto comeza ás 20:00 horas na Porta do Sol e, entre as 17:00 e as 23:30 horas, acóutase un perímetro de acceso restrinxido a vehículos, tal e como recolle o [plano](#) incorporado a este documento, que inclúe as rúas máis próximas ao epicentro das actividades do Nadal. A norma xeral é que se acceda a este perímetro soamente para o uso de transporte público ou para o acceso de residentes e/ou aparcamentos.

RESTRICIÓN

Nas rúas afectadas polo desenvolvemento do acto de acendido prohibese:

- ✓ A venda ambulante
- ✓ O estacionamento de motos
- ✓ A montaxe de terrazas nas rúas Policarpo Sanz, Colón, Porta do Sol, Praza da Princesa, García Barbón, entre Colón e República Arxentina, Príncipe, Velázquez Moreno, Reconquista e Urzáiz, entre Colón e República Arxentina, dende as 15:30 horas. Deberase retirar da vía pública todo o mobiliario.
- ✓ **O tráfico quedará cortado** nas seguintes rúas dende as **17:00h** do sábado 16 de novembro ata finalizado o evento:
 - Dr. Cadaval dende a rúa López de Neira
 - Reconquista entre Marqués de Valadares e Policarpo Sanz
 - Policarpo Sanz
 - García Barbón entre Colón e República Arxentina
 - Colón
 - Urzáiz entre Colón e Lepanto (excepto bus urbano descendente)

DESVÍOS DE TRÁFICO

- ✓ Aos vehículos que circulen polas rúas Sanjurjo Badía, García Barbón e Areal recoméndaselles usar os túneles de Areal-Beiramar.
- ✓ Circulación preferente por Avenida de Beiramar para os vehículos con destino Teis e polas rúas da Coruña e Gran Vía para os que vaian en dirección Travesía de Vigo.
- ✓ A entrada á cidade desde a AP9 debe facerse por Isaac Peral ou por Buenos Aires.
- ✓ Os vehículos que procedan do Calvario pola rúa Urzáiz serán desviados no cruzamento coa rúa Vázquez Varela por esta vía
- ✓ Recoméndase a utilización da circunvalación de Arquitecto Palacios.
- ✓ Aos vehículos que procedan de Praza de España con destino á zona de Beiramar aconséllase o uso da alternativa Gran Vía, Praza de América e rúa Coruña
- ✓ Aos vehículos que procedan da Praza de España en dirección ás rúas Alfonso XIII e García Barbón recoméndase desviarse pola rúa Pizarro.
- ✓ Os vehículos que circulen pola rúas Rosalía de Castro ou García Barbón en dirección ao centro desviaranse pola rúa República Arxentina cara á rúa Areal en dirección aos túneles.

Páxina 1 de 3



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2024 16:00	Páxina 1 de 3
	CSV: A6A1C9-A2E8A2-39BFE3-YGG6NF-JZ8QQH-F3	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO DE AUTOBÚS URBANO

Dado o establecemento dun perímetro de acceso restrinxido ao tráfico, modifícanse as paradas de bus urbano para prestar servizo próximo aos lugares do evento:

- ✓ De Cánovas del Castillo a Urzáiz por Marqués de Valadares - Colón:
 - Paradas operativas máis próximas: Cánovas del Castillo 28, Marqués de Valadares, Urzáiz, Príncipe
 - Paradas anuladas: Cánovas Castillo 28, Reconquista 2, Policarpo Sanz 26 e 40, Colón 26, Urzáiz-Príncipe, Urzáiz 28, García Barbón 18 e 28
- ✓ De Urzáiz a Praza Euxenio Fadrique por República Arxentina, Areal e túnel de Beiramar:
 - Paradas operativas máis próximas: República Arxentina e Gaiteiro Ricardo Portela
 - Paradas anuladas: Colón 27, García Barbón 7, Areal, Policarpo Sanz 25, Praza de Compostela, Cánovas del Castillo.

Permitirase a circulación do autobús urbano polas rúas García Barbón – Colón - Urzáiz ata que por seguridade debido á proximidade da hora de celebración do evento sexa necesario restrinxir o tráfico.

ACCESO A GARAXES E APARCAMENTOS

Permitirase o acceso dende as rúas indicadas ata as 18:00 horas

- ✓ Rúa Policarpo Sanz: o tramo entre as rúas de Reconquista e de Velázquez Moreno por Reconquista. O tramo entre as rúas de Colón e Velázquez Moreno por Velázquez Moreno ascendente desde Marqués de Valadares
- ✓ Rúa Velázquez Moreno: no tramo entre as rúas de Marqués de Valadares e Príncipe o acceso e saída ao garaxe será dende a rúa de Marqués de Valadares.
- ✓ Rúa Colón: no tramo entre as rúas Areal e Policarpo Sanz o acceso será dende Marqués de Valadares ou Rosalía de Castro. No tramo entre Policarpo Sanz e Uruguay o acceso será dende García Barbón
- ✓ Rúa Urzáiz entre Uruguay e Magallanes e Uruguay, Gravina, Churruca, Cervantes, Roxelio Abalde: por García Barbón e Colón.
- ✓ Rúa Hernán Cortés entre Urzáiz e María Berdiales: dende María Berdiales.

En todo caso, ante unha situación de necesidade excepcional accederase a unha velocidade máxima de **10 Km/hora**.

RECOMENDACIÓNS

- ✓ O recinto do acto comprende a Porta do Sol, Praza da Princesa, rúa Elduayen ata Sombriereiros, Policarpo Sanz ata a rúa Darío Álvarez Blázquez, e rúa Príncipe ata López de Neira. O aforo está limitado a **7.000 persoas** e haberá control de aforo nos accesos ao recinto.
- ✓ O evento poderá seguirse en directo a través de dúas pantallas: unha situada na rúa Policarpo Sanz, diante da boca do túnel, e a outra situada no Farol de Urzáiz.
- ✓ Recoméndase evitar o uso do vehículo privado, co que non se poderá acceder ás rúas cortadas ao tráfico dende as horas establecidas. Cómpre acudir ás súas proximidades preferiblemente **a pé ou en transporte público**.
- ✓ En xeral, recoméndase a circulación peonil pola beirarrúa dereita no sentido da marcha.
- ✓ Por **seguridade**, non se aconsella acceder á zona de maior afluencia de público con **carros de nenos, bicicletas, VMP e mascotas**.
- ✓ As persoas residentes nas zonas afectadas por cortes de tráfico deberán evitar o uso do vehículo particular nas horas do evento.
- ✓ A cidadanía debe atender as instrucións da Policía Local, Protección Civil, Bombeiros e persoal de seguridade da organización.
- ✓ Haberá espazos (limitados) para persoas con mobilidade reducida e un acompañante na contorna da árbore, con acceso exclusivo pola rúa Doutor Cadaval.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2024 16:00	Páxina 2 de 3
	CSV: A6A1C9-A2E8A2-39BFE3-YGG6NF-JZ8QQH-F3	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

POSTOS DE EMERXENCIA E ATENCIÓN CIDADÁ

- ✓ **Punto de socorro e de encontro de nenos e obxectos perdidos no evento:** establecerase na Porta do Sol 13. No caso de perdas de nenos/as cómpre dirixirse aos voluntarios/as de Protección Civil, Cruz Vermella, á organización ou á Policía Local.
- ✓ **Posto de mando avanzado do PAU:** situado na Casa Galega da Cultura, Porta do Sol
- ✓ **Ambulancias do evento:** Reconquista, Praza Doutor Cadaval, Paseo de Alfonso XII e no cruce da rúa Colón e Uruguay

ENLACES DE INTERESE

Plano do recinto do acendido

https://drive.google.com/open?id=1n3qx4eXe4uiSRzSplZOBasDsj6ZZ0iU&usp=drive_fs

Plano de accesos ao recinto do acendido

https://drive.google.com/open?id=1n7SX58eOzlLTU869a5Zk7AiXc6XOaxyS&usp=drive_fs

Plano medios de autoprotección acendido

https://drive.google.com/open?id=1nFNN2-P0l2zV-1bhm5UtIjMqRnZRyoAh&usp=drive_fs

Plano de evacuación do acendido

https://drive.google.com/open?id=1nGQFmF78aUyK4yWz2eKdS3r_VSGO6FEk&usp=drive_fs

Plano xeral de elementos decorativos e atraccións de Nadal (zona centro)

https://drive.google.com/open?id=1rI9tvGRfVWcWHM6ySi0kcPwMx_ue3kw4&usp=drive_fs

Plano coas restriccións de tráfico

https://qr.vigo.org/nadal/area_restrinxida

Solicítase a máxima colaboración cidadá.

Vigo, novembro de 2024

Concellería da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal

Á marxe, data e sinatura electrónica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/11/2024 16:00	Páxina 3 de 3
	CSV: A6A1C9-A2E8A2-39BFE3-YGG6NF-JZ8QQH-F3	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		